



PROPOSTA DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN CÍRCULO DE MEDIACIÓN DE GALICIA (CIMEGA) PARA A POSTA EN MARCHA DO SERVIZO DE MEDIACIÓN PARA FACILITAR ACCIÓNS MUNICIPAIS DURANTE O EXERCICIO 2021 (PESCC 2021 O.E. 2.- O.OP. 04) . Expdte. AD0/2021/77

Na cidade da Coruña

REÚNENSE:.

* Dunha parte, Don JOSÉ MANUEL LAGE TUÑAS, concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior do Concello da Coruña (CIF P1503000J), que actúa no seu nome e representación por delegación da alcaldesa para a sinatura e formalización do convenio que articula a subvención nominativa prevista no anexo de transferencias do Orzamento Xeral de 2021 a favor da entidade Círculo de Mediación de Galicia segundo o Decreto da Alcaldía 5837/2021, do 6 de agosto, de conformidade co que dispoñen o artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e o artigo 124 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

* E, doutra parte, Dona MARÍA DAS MERCEDES SIERRA FERNÁNDEZ-VICTORIO, maior idade, en calidade de presidenta da asociación CÍRCULO DE MEDIACIÓN DE GALICIA (en diante CIMEGA), CIF G70420112 e domicilio fiscal en Avenida Fernández Latorre nº 13, 2º dereita, 15006, A Coruña.

Actúa D. Miguel Iglesias Martínez, Oficial Maior do Concello da Coruña, para dar fe do acto, de acordo coas facultades que lle son propias de acordo co previsto no artigo 3.2 i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo e disposición adicional oitava, apartado d) da Lei 7/1985 de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

As dúas partes, que actúan en razón dos seus respectivos cargos, recoñécense mutua e reciprocamente a capacidade legal necesaria e o poder bastante para obrigarse por este convenio e, en consecuencia,

EXPOÑEN:

1.- Que o Concello da Coruña, en virtude do establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, nos termos expostos no artigo 25 da citada norma.

2. Que a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en diante LGS), no seu artigo 2.1, entende por subvención toda disposición monetaria realizada polas entidades que integran a Administración Local a favor de persoas públicas ou privadas e que cumpra os seguintes requisitos: que a entrega se realice sen contraprestación directa das beneficiarias; que a entrega estea suxeita a cumprir un determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, ou a concorrencia dunha situación, debendo a beneficiaria cumprir as obrigas materiais e formais que se estableceron; e que o proxecto, a acción, conduta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.



3. Que CIMEGA é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como fins estatutarios propios, entre outros, os seguintes:

- Velar polo bo exercicio da profesión e polo respecto dos dereitos das persoas usuarias destinatarias dos servizos profesionais de mediación
- Representar ás persoas asociadas e exercer accións en defensa dos seus dereitos e intereses, os da asociación e os xerais vencellados ao exercicio da profesión
- Promover e promocionar a mediación, protexendo o bo nome da profesión en todo tipo de conflitos e ámbitos, tanto intraxudiciais como extraxudiciais
- Crear un centro de mediación propio, ofrecendo a resolución de conflitos a través da mediación como actividade propia da asociación
- Promover a formación profesional continuada (teórica e práctica) das persoas asociadas. Impartir formación a terceiras persoas.
- Colaborar con entidades públicas e privadas de ámbitos afíns e con outras entidades representativas de intereses cidadáns directamente vencelladas co exercicio da profesión
- Crear un Código Deontolóxico para o exercicio da mediación
- Levar a cabo coa Administración Pública e co sector privado, a través de convenios, concertos, acordos, ou outras formas de colaboración, actividades económicas accesorias ou subordinadas ás súas finalidades, destinando os seus rendementos exclusivamente ao cumprimento daquelas.

4. Que CIMEGA é unha agrupación privada que por razón da actividade non queda en relación de dependencia respecto do Concello polo que éste non é responsable nin directa nin subsidiariamente dos danos, tanto materiais como persoais ou morais que, por acción ou omisión de calquera clase, poidan producirse durante o desenvolvemento da actividade.

5. Que o Concello da Coruña entende que a actividade de CIMEGA é de interese social para o conxunto da comunidade e, en consecuencia, o Orzamento Municipal para o ano 2021 recolle unha subvención de carácter nominativo a favor desta entidade por un importe de quince mil euros (15.000,00.-€), gasto imputable á aplicación 20.922.489.50, coa finalidade de “posta en marcha do servizo de mediación para facilitar accións municipais”.

Así mesmo, o Plan Operativo 2021 do Plan Estratéxico de Subvencións do Concello da Coruña (PESCC 2021-2023) aprobados pola Xunta de Goberno Local o 15.09.2021 (BOP 30.09.2021) contempla esta subvención nominativa no obxectivo estratéxico 2 (Apoio ao asociacionismo vecinal e impulso da participación cidadá) e no obxectivo operativo 04 (Fomento da participación cidadá).

6. Que a LGS, dispón no seu artigo 22.2 que poderán concederse de forma directa as subvencións recollidas nominativamente nos orzamentos das entidades locais, nos termos establecidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións, e no artigo 28 establece que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar estas subvencións.

7. Que podendo iniciarse o procedemento de concesión de oficio ou a petición da entidade interesada, CIMEGA, a requirimento municipal, presentou en data 8.10.2021 no Rexistro Xeral do Concello da Coruña a documentación necesaria para subscribir o convenio, completada coa presentación no Rexistro Xeral o 13.10.2021 do modelo de solicitude de convenio nominativo e o orzamento de ingresos e gastos, ambos debidamente asinados, e coa presentación no Rexistro Xeral o 26.10.2021 dun novo orzamento de gastos que substitúe o anterior presentado.



Á vista da documentación presentada, e dos documentos acreditativos de cumprimento dos requisitos esixidos pola LGS e pola Ordenanza General de Subvencións do Área de Benestar do Concello da Coruña (en diante OXS), o concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior resolveu, en dataautorizar o gasto e conceder a CIMEGA a cantidade de quince mil euros (15.000,00.-€), gasto imputable á aplicación 20.922.489.50 do Orzamento Municipal en vigor e subscribir un convenio de colaboración entre ambas as entidades, co fin de colaborar na consecución do fin descrito.

Polo exposto, oña vez comprobado que CIMEGA cumpre os requisitos establecidos no artigo 5 da OXS, as dúas partes acordan a firma do presente convenio con sujeción ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA- Obxecto da axuda, descrición das accións, período da súa realización e mecanismos de avaliación e seguimento.

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración entre o Concello da Coruña e CIMEGA, coa finalidade de contribuír a realizar a actividade consistente en *a posta en marcha do servizo de mediación para facilitar accións municipais* que se desenvolverá durante o exercicio 2021 e que, de acordo coa memoria presentada pola entidade, ten por finalidade *“Consolidar as bases informativas e formativas para a posta en marcha do servizo de mediación municipal para favorecer accións municipais, mediante a difusión, coñecemento, formación e capacitación das persoas participantes e destinatarias dun futuro servizo que facilite a actuación municipal a través da mediación como vía de pacificación necesaria e frutífera que se ofrece á cidadanía e seguir traballando no ámbito municipal pola cultura da paz”*.

(...) Desenvolveranse dous tipos de actividades:

- 1.- *Informativas, a partir de setembro (presentación pública, publicidade en centros cívicos e asociacións da cidade, redes sociais, etc., e comunicación directa)*
- 2.- *Formativas entre outubro e decembro, dirixidas a profesionais da mediación, colectivos/asociacións de posibles persoas derivadoras e persoas residentes na Coruña. O número de participantes será o máximo que permita a situación sanitaria, entendendo que polo menos deberá contarse cunha participación mínima de 10 persoas e máxima de 25 (nas de natureza presencial) e 50 como máximo nas actividades en liña.*

O seu contido, cunha orientación fundamentalmente práctica, será o seguinte:

- *Exposición do proxecto.*
- *Conceptos básicos de mediación.*
- *O procedemento de mediación.*
- *Tipoloxía dos conflitos potencialmente mediabiles.*
- *Perfil das persoas e entidades destinatarias candidatas a derivación, con especial incidencia naqueles supostos que a lei expresamente exclúe.*
- *Criterios de derivación*

(...) Como particular ferramenta de control e avaliación da formación impartida solicitarase das persoas participantes que cumprimenten unha enquisa de calidade, mediante formulario elaborado para o efecto, que permita valorar o seu grao de satisfacción en canto ás expectativas iniciais. Ao tempo, establecerase un protocolo previo en previsión de incidencias no que se contempla o



rexistro documental das mesmas e a xeración dun formulario-parte que recolla os datos de: notificación, contido, persoas implicadas, medidas adoptadas, finalización e arquivo.

Finalmente, das actividades formativas elaborárase un estudo transversal descritivo que permita coñecer:

- Sexo e idade das persoas participantes.*
- Formación académica e ámbito profesional de procedencia.*
- Alcance das publicacións, número de carteis, etc.*
- Número e especificación de accións publicitarias ou de difusión.*

Ademais incorporárase un sistema de firmas ou control de asistencia (no caso de actividades en liña esixírase pantalla acesa e presenza), así como do control horario (hora de inicio e fin).

En toda a publicidade, folletos, comunicacións, etc... incluírase a colaboración do Concello da Coruña”.

SEGUNDA.- Normativa reguladora

A normativa reguladora das accións contempladas neste convenio de colaboración está conformada pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeneral de subvencións (LXS) e o seu regulamento de desenvolvemento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (en diante RGS); a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e a Ordenanza Xeral de Subvencións da área de Benestar do Concello da Coruña (en diante OXS)

TERCEIRA.- Obrigas do Concello

O Concello comprométese a achegar a CIMEGA a cantidade de quince mil euros (15.000,00.- €), con cargo á aplicación orzamentaria 20.922.489.50 do Orzamento en vigor.

CUARTA.- Financiamento da actividade

A actividade financiarase coa achega municipal establecida na cláusula terceira deste convenio.

En relación co artigo 32 do RGS enténdese que o Orzamento Xeral do Concello establece a achega municipal como un importe certo sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total e que, en consecuencia, queda a conta da beneficiaria a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada.

Si o custo total da actividade é inferior ao importe do financiamento público, reintegrará esta polo importe que supere o custo total da actividade, de acordo co artigo 32.2 do RGS.

Esta subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, sempre que non se supere o custo da actividade subvencionada, sen prexuízo do que puidese establecer a normativa reguladora das devanditas subvencións ou axudas.

De conformidade co disposto no artigo 34 do RGS, sendo compatible dita achega con outras subvencións, no caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas respecto ao custo total da actividade e fosen compatibles entre elas, a beneficiaria deberá reintegrar o exceso a favor das entidades concedentes en proporción ás subvencións concedidas por cada unha delas. No caso de que o Concello advirta o exceso de



financiamento esixirá o reintegro polo importe total do exceso até o límite da subvención abonada en virtude deste convenio.

A achega municipal non poderá superar o déficit resultante do orzamento inicial en que se reflicta o financiamento previsto, no momento da concesión, ou déficit final da actividade, no momento da xustificación.

QUINTA.- Obrigas da beneficiaria

A entidade comprométese a que todo o persoal dedicado á realización das actividades que impliquen contacto habitual con menores cumpre co requisito previsto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro de protección xurídica do menor, asinando unha declaración responsable.

CIMEGA comunicará por escrito e motivadamente no prazo máximo dun mes desde a notificación da concesión da subvención no Rexistro Xeral do Concello calquera modificación dos datos identificativos do proxecto ou dos aspectos substanciais dos seus obxectivos, para a súa aprobación.

CIMEGA comprométese a:

- Destinar os fondos achegados polo Concello da Coruña a cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención, nas condicións que se contemplan na memoria presentada e de acordo co balance de ingresos e gastos ou orzamento e demais documentación que se acompañou coa solicitude de convenio efectuada, que se desenvolverá no exercicio actual, así como a presentar a documentación justificativa da subvención nos termos establecidos nas cláusulas deste convenio.
- Comunicarlle ao Concello, por escrito e no prazo máximo dun mes desde que teñan coñecemento da súa concesión, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración pública, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan.
- Cumprir estritamente as disposicións en vigor ou as que se diten durante a vixencia deste convenio, incluído o convenio colectivo do sector, no que se refire ao pago de salarios mínimos por categorías profesionais, cotas da seguridade social, mutualismo laboral, etc. O persoal que a entidade utilice para realizar a finalidade do proxecto subvencionado non terá ningunha relación laboral con este Concello. O Concello estará facultado para inspeccionar e verificar o cumprimento desta obriga.
- En todas as actividades organizadas directamente por CIMEGA e que garden relación co obxecto do presente convenio, incluír ao Concello da Coruña como entidade patrocinadora.
- Facer un uso non sexista da linguaxe en todos os documentos e soportes que produza
- Evitar e previr os prexuizos, prácticas e utilización de expresións verbais e imaxes fundadas sobre a idea da superioridade ou inferioridade dun ou outro sexo, ou sobre os roles femininos e masculinos estereotipados ou doutros colectivos da sociedade diversa.



- Utilizar unha información, comunicación e iconografía non sexista.
- Evitar en todas as informacións, comunicacións, iconografía e escritos que xeren calquera fórmula que reflecta ou transmita ideas ou actitudes discriminatorias por razón de sexo ou de xénero.
- Evitar a discriminación por razón de sexo nas actividades que desenvolvan de acordo coa finalidade deste convenio.
- Establecer medidas e mecanismos que contribúan a promocionar a igualdade entre mulleres e homes na diversidade. Para iso, comprométese a presentar, na memoria justificativa, a desagregación por sexo dos datos das persoas beneficiarias da actividade e da persoas traballadoras da asociación ou das persoas non pertencentes á mesma que participen na realización da actividade.
-
- Cumprir cos demais deberes impostos pola OXS, pola LGS e demais normativa de aplicación. Todas as actuacións desenvolvidas por CIMEGA serán obxecto de seguimento polo persoal técnico municipal, polo que a entidade someterase a todas as actuacións de verificación económica e técnica necesarias a realizar polo Concello da Coruña para comprobar o cumprimento da lexislación española e, ao mesmo tempo, calesquera outras de comprobación, auditoría e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores (artigo 14.1.c LGS).

SEXTA.- Gastos subvencionables

Considéranse gastos subvencionables aqueles que, de maneira indubidable, respondan á natureza da actividade obxecto da subvención como gastos de persoal, gastos de profesionais, subministracións e servizos efectuados por provedores, etc. En todo caso, debe acreditarse fehacientemente no correspondente xustificante de gasto que este gasto está directamente relacionado coa actividade e para o período de execución da mesma.

Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

Só serán subvencionables gastos correntes realizados no período de vixencia do convenio, incluíndo os efectuados con anterioridade á súa sinatura. Non serán subvencionables os gastos de investimento nin os de natureza inventariable.

Os gastos de desprazamento pagados a persoas traballadoras por conta propia ou particulares alleos á entidade só serán subvencionables cando se xustifiquen coa correspondente factura.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

En ningún caso, a entidade beneficiaria poderá contratar servizos ou subministracións con persoas ou entidades vinculadas con ela, salvo que concorran as seguintes circunstancias:

- Que o importe subvencionable non exceda do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para acreditar os gastos da beneficiaria.
- Que se obteña a previa autorización do órgano concedente do seguinte modo:



* Solicitude por parte da entidade con carácter previo á execución da actividade ou proxecto que se subvenciona.

* Acordo do órgano concedente, anterior á execución da actividade ou proxecto que se subvenciona que estipule terceiro/s co que se contratará e o/os servizos/s que se recibe/n.

CIMEGA poderá concertar con terceiras persoas a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención até o 50% do importe do convenio. Para este cálculo non se terán en conta aqueles gastos en que teña que incorrer a entidade para realizar por ela mesma a actividade subvencionada. Con todo, o réxime de subcontratación suxeitarase aos seguintes límites:

- No caso de subcontratacións con entidades que non sexan vinculadas e nos supostos previstos nos apartados a), b), c) e e) do artigo 29.7 da LGS, non se admitirá a subcontratación en ningún caso.

- No caso de subcontratacións con entidades que non sexan vinculadas, para supostos distintos do apartado anterior e a subcontratación supere o 50% do establecido nesta cláusula, admitiranse como gasto subvencionable só até o 50% do gasto que finalmente se considere subvencionable e sempre que non se incremente coa subcontratación o custo da actividade subvencionada, agás que este incremento supoña un valor engadido á actividade que deberá ser acreditado. No caso de que a subcontratación supere o 20% do importe da subvención e exceda de 60.000,00 euros é preciso que se autorice o gasto previamente polo órgano concedente da subvención e que se formalice por escrito.

- No caso de subcontratacións con entidades vinculadas deben observarse os requisitos previstos nos apartados precedentes e ser obxecto a subcontratación de autorización polo órgano concedente da subvención e sempre que o importe subvencionable non exceda do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase no momento da xustificación nos mesmos termos establecidos para acreditar os gastos da beneficiaria.

Non obstante o sinalado nos apartados anteriores, naqueles casos nos que o importe subcontratado supoña unha porcentaxe significativa do conxunto do gasto, avaliarase a posibilidade de non admitir o resto dos gastos por incumprimento do fin para o cal se concedeu a subvención.

En relación cos gastos indirectos ou gastos xerais da entidade serán subvencionables en función dos seguintes criterios:

a) No caso de que se financien actividades xerais da entidade, serán subvencionables ao 100% e debe xustificarse o gasto co correspondente xustificante e a acreditación do pago efectivo do mesmo, nos termos establecidos no presente convenio.

b) No caso de que se financien actividades ou proxectos concretos da entidade, poderanse imputar á conta justificativa gastos xerais da entidade até un 20% do orzamento da actividade presentado coa solicitude, ou do gasto executado si é menor, acreditándoos cos correspondentes xustificantes de gasto e de pago efectivo. Con todo, a entidade poderá optar por imputar como gastos xerais até un 10% do importe do gasto executado sen necesidade de presentar ningún xustificante. Neste caso non se poderá imputar na conta justificativa ningún outro gasto de carácter xeral salvo que se acredite fehacientemente nos xustificantes de gastos que se trata dun gasto directo e necesario para o desenvolvemento da actividade. En ningún caso caberá combinar ambas as dúas posibilidades.



c) Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais non poderán ser considerados gastos indirectos, sendo subvencionables só no caso de que se traten de gastos directamente relacionados coa actividade subvencionada e sexan imprescindibles para a súa adecuada preparación ou execución.

SÉTIMA.- Pago da subvención

Con carácter xeral, o recoñecemento da obriga a favor da beneficiaria e o pago da subvención realizaranse tras presentarse e aprobarse a xustificación, nos termos establecidos neste convenio. Ditarase resolución declaratoria da perda de dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da LGS.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa emenda. Pasado dito prazo sen que se presentara a documentación requirida, archivarase a solicitude e entenderase desistida da súa petición.

Tamén poderán realizarse pagos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Neste caso, a entidade beneficiaria deberá solicitalo expresamente e deberá constituír unha garantía do 2% do importe total da subvención, que se realizará reténdose o pago do Concello nesa porcentaxe. Unha vez efectuada a debida xustificación e de non existir responsabilidade por parte da entidade beneficiaria, devolverase a cantidade retida en concepto de garantía.

Non poderá pagarse a subvención á beneficiaria en tanto non se ache ao corrente de cumprir as súas obrigas tributarias co Concello e coa Axencia Tributaria e fronte á Seguridade Social ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro. Neste sentido sinalar que de conformidade co artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, o Concello da Coruña solicitará as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e o propio Concello da Coruña, para verificar o cumprimento deste apartado. Con todo, a persoa solicitante ou o seu representante poderán oporse expresamente á consulta ou obtención da documentación sinalada, debendo neste caso, presentar a documentación acreditativa nos termos previstos regulamentariamente, achegando as certificacións acreditativas.

OITAVA.- Prazo de execución

As actuacións levaráanse a cabo no período de vixencia do presente convenio de colaboración, polo que o prazo para a execución das accións comprenderá desde o día 1 de xaneiro até o 31 de decembro do ano en curso. En consecuencia, as facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil deberán ser emitidas dentro do referido período.

NOVENA.- Xustificación

Finalizada a actividade, ou ben cando a entidade realizase gastos por importe igual ou superior ao orzamento presentado e, en todo caso, antes de que transcorran **dous meses** desde a finalización da vixencia do convenio, CIMEGA deberá presentar a seguinte documentación no Rexistro Xeral, aos efectos de xustificación:

- Impreso de presentación de solicitude de xustificación.
- Certificado do/a Secretario/a da entidade, co visto e praxe do/a presidente/a, en que se desglose por tipo de gasto, o importe total dos gastos xerais da entidade, no caso de que se imputen gastos xerais ou indirectos a unha actividade concreta e certificación acerca das



subvencións e demais ingresos xerados con motivo da actividade subvencionada con independencia do seu reflexo no balance.

- Memoria que acredite que a actividade foi realizada e grao de cumprimento dos obxectivos. A beneficiaria deberá xustificar que realizou a actividade nos termos da memoria inicial presentada.
- Balance de ingresos e gastos realizados con motivo da actividade subvencionada de maneira que se poida comprobar que se axustou ao orzamento inicial presentado, incluíndo as desviacións orzamentarias. Neste sentido, o importe da subvención está vencellado ao orzamento total da actividade e, en ningún caso, poderá ser superior ao déficit da mesma. A entidade beneficiaria deberá xustificar que realizou a actividade nos termos da memoria presentada ou, no seu caso, da reformulación realizada. Cando o importe xustificado sexa inferior ao orzamento inicial ou, no seu caso, ao reformulado, dará lugar en todo caso a unha redución proporcional da cantidade concedida, até o límite do 50%. No caso de que se xustificara un gasto inferior ao 50% do orzamento subvencionado inicial, ou no seu caso reformulado, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se abonará ningunha cantidade ou, no seu caso, solicitarase o reintegro total da subvención.
- Relación clasificada e desagregada dos gastos da actividade con indicación do acredor, NIF, número de documento xustificativo, data de emisión, importe, concepto e data de pago.
- Xustificarase preferentemente con facturas, aínda que se poderán admitir outros documentos de igual valor probatorio admitidos no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. As facturas e os documentos justificativos de valor equivalente deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 6 do Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro. No caso de presentar fotocopias para dar cumprimento ao artigo 73 do RGS, antes de facer a fotocopia deberá estenderse no orixinal da factura unha dilixencia na que se faga constar que a factura foi utilizada como xustificante de gasto para a obtención dunha subvención do Concello da Coruña, dos gastos realizados no exercicio da actividade. No caso de facturas emitidas por persoas físicas por servizos profesionais, a entidade beneficiaria vén obrigada á retención do (IRPF), cos límites e excepcións que establece a Lei e Regulamento do imposto ou no seu caso, debendo acreditarse o ingreso na Axencia Tributaria cos modelos 111 e 190.
- No caso de que a subvención outorgada teña por destino el pagou a persoas físicas que presten servizos retribuídos, pago de premios ou pago de bolsas, a entidade beneficiaria vén obrigada á retención do (IRPF), nos límites e excepcións que establece a Lei e Regulamento do imposto ou no seu caso, disposicións regulamentarias en vigor, debendo acreditarse o ingreso na Axencia Tributaria cos modelos 111 e 190.
- No caso de imputarse gastos de persoal (nóminas) será obrigatoria a presentación dos documentos RLC (Relación de Liquidación de Cotizacións) e RNT (Relación Nominal de traballadores) –antigos TC1 e TC2- debidamente convalidados. O RLC deberá estar selado pola oficina recadadora e/ou ir acompañado de xustificante bancario, aínda no caso de que non se imputen custos de Seguridade Social. O modelo RNT deberá ir asinado pola persoa autorizada en caso de confeccionarse telemáticamente polo Sistema REDE. Deberá presentarse o modelo 111 (declaración trimestral) e o modelo 190 (resumo anual) acreditativo do ingreso na Axencia Tributaria (AEAT) das retencións practicadas ás persoas traballadoras suxeitas ao Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF).
- O tres orzamentos que, en aplicación do artigo 31.3 da LGS debe solicitar a beneficiaria cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 40.000 euros no suposto de custo por



execución de obra, ou de 15.000 euros no caso de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos.

- Acreditación do pago efectivo de cada un dos gastos. Só se considera gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.
- Admitiranse pagos en efectivo por importes de até 500 euros. No caso de que o pago dun servizo estea fraccionado en varios pagos, o límite de 500 euros entenderase para o conxunto dos pagos correspondentes ao servizo, deberá achegarse recibo no que conste que ao emisor foille satisfeito o importe, con identificación da factura á que corresponde ou ben que no propio xustificante de gasto o emisor do mesmo acredite responsablemente cun NIF e unha sinatura que recibiu o importe e a data na que o recibiu.
- En consecuencia, para acreditar a realización do pago de gastos superiores a devandita cantidade, o sistema será a transferencia bancaria ou a domiciliación bancaria dos gastos, debendo acompañar á factura o xustificante de pago bancario (cartilla, extracto bancario, debe ou movemento bancario). Si o pago realizase mediante talón ou cheque deberá achegarse ademais fotocopia do mesmo, e igualmente extracto ou movemento bancario que acredite que a persoa destinataria o fixo efectivo.
- Para todos os pagos relacionados coa finalidade deste convenio estímase aconsellable que se realicen, preferentemente, desde unha única conta bancaria da entidade, non podendo subvencionarse pagos realizados con cargo a contas cuxo titular non sexa a entidade.
- Tamén se considerará efectivamente pagado o gasto, coa cesión de crédito do dereito de cobro da subvención a favor das persoas acreedoras por razón do gasto realizado ou coa entrega a esas persoas dun efecto mercantil, garantido por unha entidade financeira ou compañía de seguros.
- O Concello resérvase o dereito para comprobar, polos medios que estime oportunos, que a xustificación é correcta. Por tanto, CIMEGA quedará obrigada a facilitar tanta información lle sexa requirida polo servizo xestor, a Intervención Xeral e os órganos competentes en censura de contas.

DÉCIMA.- Reintegro

O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a deber de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos intereses de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago até o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 36 e seguintes da LGS e no artigo 91 e seguintes do RGS, dándolle en todo caso audiencia á persoa interesada. Procederá, en particular, o reintegro das cantidades percibidas nos seguintes casos:

- A obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que a impediron.
- Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.
- Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente nos termos establecidos en este convenio.
- Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión e publicidade contidas na cláusula undécima deste convenio.



- Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da LGS, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso derivase a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- En caso de concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, cando o importe do financiamento público supere o custo da actividade, no importe do exceso producido.
- Calquera outra causa que expresamente constitúa infracción administrativa en materia de subvencións por acción ou omisión de acordo co establecido na LGS e normativa de desenvolvemento.
- En caso de xustificar máis aló do prazo sinalado na cláusula novena, e tras o requirimento efectuado de acordo co sinalado no artigo 70.3 do RGS.
- E os demais supostos previstos na LGS e na OXS.

UNDÉCIMA.- Información e Difusión

O nome e logotipo do Concello da Coruña figurará, de forma visible, en todas as actividades que se realicen en execución do presente convenio, así como nos medios que se empreguen para a súa difusión, tendo en conta para iso o manual de imaxe corporativa municipal (<https://www.coruna.gal/web/gl/concello/administracion/imaxe-corporativa>) e deberán indicar claramente a participación do Concello no financiamento das mesmas.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 8.1.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as subvencións e axudas públicas concedidas con indicación do seu importe, obxectivo, finalidade e a entidade/persoa beneficiaria serán obxecto de publicación no Portal de Transparencia do Concello da Coruña (<http://www.coruna.gal/transparencia/é/claridade-en-a-gestion/subvencions-e-axudas>).

Por este motivo, a entidade beneficiaria da subvención queda suxeita ao mesmo tempo a fornecer de forma periódica, actualizada, clara, veraz, obxectiva e accesible a información relevante para garantir a transparencia, facilitar o control cidadán da actuación pública e fomentar a participación, previo requirimento da administración municipal, para garantir o deber de publicidade activa do Concello da Coruña cumprindo coas esixencias da Lei 19/2013.

DÉCIMO SEGUNDA.- Infraccións e sancións

Constituirán infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisión tipificadas na LGS e a súa normativa de desenvolvemento. Poderanse impor as sancións tipificadas nos artigos 59 ao 63 da LGS, axustándose ao procedemento sancionador previsto na devandita Lei, sendo o órgano sancionador competente o mesmo que ten atribuída a competencia para a aprobación do convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- Causas de resolución do convenio

Será causa de resolución do presente convenio o mutuo acordo entre as partes, así como a denuncia de incumprimento de calquera das cláusulas mediante preaviso comunicado de forma fehaciente no prazo dun mes desde que aquel fose detectado.



DÉCIMO CUARTA.- Responsabilidade

CIMEGA queda sometida á responsabilidade e réxime sancionador establecido no artigo 40 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

DÉCIMO QUINTA.- Seguimento, vixiancia e control

A supervisión, seguimento e execución do presente convenio no relativo ás actividades a desenvolver e que figuran na Memoria e Orzamento presentados pola entidade, así como dos compromisos asumidos polas dúas partes asinantes corresponde á Dirección de Economía, Facenda e Réxime Interior.

As cuestións de interpretación e/ou cumprimento que poidan derivarse do mesmo serán resoltas polo órgano competente, previo informe proposta suscrito por funcionario/a da Dirección de Economía, Facenda e Réxime Interior responsable da tramitación.

DÉCIMO SEXTA.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

Este convenio ten carácter administrativo e rexerase polas normas que serviron de base á concesión da subvención e polo establecido na lexislación vixente na materia.

As posibles cuestións litixiosas ou controversias a que poida dar lugar a aplicación, interpretación, modificación, efectos e resolución do presente convenio serán resoltas de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Ambas as dúas partes sométense expresamente á xurisdición dos tribunales desta capital.

No non disposto neste convenio, será de aplicación a LGS e RGS; a Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia, e a OXS.

As partes que subscriben o presente documento colaborarán en todo momento de acordo cos principios de boa fe e eficacia, para asegurar a correcta execución do pactado e para fomentar e impulsar o desenvolvemento das actuacións relacionadas.

En proba de conformidade, asínase este convenio, en exemplar duplicado, para un só efecto e na data que figura no seu encabezamento en presenza do Oficial Maior do Concello quen da fé do acto.

A Coruña, na data de sinatura electrónica deste documento

O Oficial Maior

Miguel Iglesias Martínez

Concelleiro delegado de Economía,
Facenda e Réxime Interior
(P.D. Alcaldía, Decreto 5837/2021,
do 6 de agosto)

José Manuel Lage Tuñas

Presidenta de CIMEGA

María das Mercedes Sierra
Fernández-Victorio